

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 22-12-2021, ditou a resolución con número 3469/2021 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN**

#### **Programa de exercicio físico para maiores curso 2021/2022. Creación dun novo grupo de actividade a realizarse no centro social de Lema.**

A Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, ditou a resolución número 3060/2021, de data 11-11-2021, na que entre outros se resolve "... Aprobar os calendarios, grupos, lugares e horarios de celebración das actividades..." relativas ó Programa de exercicio físico para maiores no curso 2021/2022.

A entidade "Asociación Cultural A Ría de Lema" ( G70612205); solicitou a inclusión do Centro Social de Lema neste programa", ante o cal se requeriu informe ó Técnico de Deportes sobre a petición, o cal obra no expediente.

Visto o cal, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Abrir un prazo de inscrición a partir do día seguinte á publicación de esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo, para que os/as interesados/as soliciten a súa participación no "Programa de Exercicio Físico para Maiores", a impartirse no local social de Lema os martes e xoves en horario de 16:00h. a 16:45 h. a partir na data que se determine, e os cales deberán entregar as mesmas nas oficinas da área de deporte do Concello de Carballo na rúa Vila de Corcubión S/N ou nos rexistros de entrada do Concello de Carballo.

**Segundo.-** Publicar a presente resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Carballo e na web <http://www.carballo.gal/deporte/portada.php?idioma=gl#ancla> .

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

José Villán Fuertes

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

José Villán Fuertes